



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte

### **PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPOSTA NO PLENO**

A chegada do bo tempo e as primeiras xornadas de praia animaron a moitos bañistas a acudir aos nosos areais, nomeadamente ás praias da Madalena e Chamoso.

Isto obríganos a ter unha previsión relativa á época estival, polo que desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes cuestións.

- En relación á aparición nos medios dunha nova sobre a solicitude do Concello de Cabanas para facer de Chamoso unha praia sen fume:
  - Pode o alcalde explicar en que consiste esta medida?
  - En que situación se atopa esta solicitude?
  - Como ten previsto velar polas obrigas que supón?
- En relación coas árbores que, tras varias denuncias do BNG e de varios veciños, seguen nunha situación de perigo sobre o areal de Chamoso:
  - Hai algunha novidade?
  - É consciente o señor alcalde da irresponsabilidade que supón ter unha árbore de semellante tamaño e con perigo real de caída sobre un areal ao que acoden a diario dúzias de persoas?
  - Pode garantir vostede a seguridade da mesma?
- En relación coa praia da Madalena:
  - Cando está previsto colocar a sinalización da área de baño?
  - Cando está previsto que comece o servizo de socorrismo? Cantas persoas o conformarán? Cal vai ser o horario de atención?
  - Cando van comezar as tarefas de limpeza?

En Cabanas, a 30 de maio de 2017

Asdo. Iago Varela Martínez

Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS